

REGULAMENTO DO MERCADO DE SEGUNDA MAN DE PONTECESURES

TÍTULO I. INTRODUCCIÓN

O Concello de Pontecesures propón a realización destes mercados de segunda man de venta ocasional de bens usados, co obxecto de estender a práctica da reutilización de obxectos usados co fin de fomentar un consumo responsable, colaborativo e reducir a xeración de residuos.

TÍTULO II. OBXECTO DESTE REGULAMENTO

O obxecto deste regulamento é regular o exercicio desta actividade, determinando os requisitos, condicións e o procedemento de participación nos mercados de segunda man de Pontecesures.

Para regular o exercicio desta actividade, preséntanse as seguintes normas, nas que se dan conta dos requisitos, condicións e do procedemento de participación nos mercados de segunda man de Pontecesures.

TÍTULO III. LUGAR E HORARIO DE CELEBRACIÓN

1. O mercado celebrarase nos lugares autorizados polo Concello de Pontecesures.
2. As persoas participantes que teñan posto confirmado poderán acudir a partir das 9:00 h para a súa montaxe e ás 19:00 h procederase á recollida, deixando o lugar tal e como se atopou.
3. O horario de apertura ao público será de 10:00 h a 18:00 h. O horario concreto para cada mercado determinarase polo Concello con cada edición, podendo ser ampliado ou reducido segundo as circunstancias da convocatoria.
4. En caso de forza maior ou condicións atmosféricas adversas, a data poderá ser modificada ou a celebración do mercado anulada a criterio da organización, sen dereito a indemnización.
5. Os traballos de montaxe realizaranse a partir das 9:00 h do día do mercado e a localización deberá estar despexada de vehículos antes das 10:00h.
6. Os traballos de desmontaxe realizaranse despois da hora de finalización establecida pola organización. A non ser que a organización o autorice, ningún vehículo poderá entrar no lugar da realización do mercado ata que finalice.

TÍTULO IV. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

En ningún caso, a participación no mercado poderá ser con fins comerciais, mercantís ou empresariais.

1. Poderán participar no mercado:

- Particulares ou persoas físicas maiores de idade.
- As persoas físicas adultas ou centros escolares, poderán acudir ao mercado con aqueles menores dos que teñan a súa tutela, que deberán figurar na solicitude como axudantes, e sempre deberán estar acompañados da persoa maior de idade responsable.
- Asociacións sen fins lucrativos.
- Centros escolares.

2. Inscripción previa e solicitude aceptada polo Concello, segundo os procedementos establecidos.

3. Non poderán participar no mercado:

- Entidades con fins lucrativos.
- Empresas
- Comercios

TÍTULO V. INSCRICIÓNS

1. As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello en horario de 9:00 h a 14:00 h ou pola *sede electrónica* do Concello de Pontecesures, nos prazos que se establezan ao efecto para cada convocatoria, xuntando o formulario cumprimentado, acompañado do DNI do solicitante, no que figurará:

- Datos completos da persoa titular do posto (nome, apelidos, enderezo, enderezo electrónico e teléfono).
- No caso de que a persoa titular sexa acompañada por un/unha axudante, haberá que achegar tamén a súa documentación.
- Indicación do tipo de artigos a expoñer (ver título VII)

2. Rexistro da solicitude, notificación e confirmación.

- Notificación do posto adxudicado a todas as persoas inscritas con carácter previo á celebración do mercado.
- Confirmación da presenza no mercado por parte da persoa á que se adxudicou o posto, no prazo máximo de dous días hábiles anteriores ao día de celebración do mercado. No caso de non achegar a confirmación, se entenderá desistido da solicitude podendo o Concello notificar á seguinte persoa da lista de agarda, no seu caso.

3. A orde de rexistro de entrada da inscrición determinará a orde da inscrición definitiva.

4.. O mercado, ao ter un espazo reducido, terá un número limitado de postos de venta. Se determina un número máximo inicial de 20 postos que poderá ser ampliado polo Concello en función da dispoñibilidade do espazo elixido para cada convocatoria.

5. A admisión de solicitudes basearase no número de postos dispoñibles, na variedade dos produtos expostos e na adecuación ao carácter do evento. Poderá determinarse na convocatoria o tipo de produtos admitidos, segundo a tipoloxía do mercado.

6. Se hai máis solicitudes que prazas, abrírase unha lista de agarda, pola orde de inscrición.

7. As solicitudes presentadas despois serán atendidas, se quedaren sitios dispoñibles.

8. Non se admitirá a participación no mercado a aquelas persoas que non fixesen a correspondente inscrición.

9. Se houberse algunha imposibilidade para poder participar no mercado e tivese praza de seu, deberá comunicalo ao Concello para dar paso ao seguinte da lista de agarda. Se isto non se cumprixe ou non se xustificase a falta de aviso, o Concello poderá revogar o dereito a participar no próximo mercado que se celebre.

10. A convocatoria de celebración do mercado publicarase na web do Concello de Pontecesures, onde se determinará o espazo habilitado, o horario, o número máximo de postos e os prazos para a presentación das solicitudes de inscrición.

TÍTULO VI. REQUISITOS PARA OS POSTOS DO MERCADO

1. A recepción das persoas participantes será no mercado a partir das 09:00 h.

2. Todas aquelas persoas ás que se lles asignase un posto dirixiranse á persoa responsable para identificarse, amosando o DNI e a resolución de adxudicación do posto. Despois disto, indicaráselle o lugar que ten que ocupar.
3. O Concello será responsable da distribución dos postos, da ordenación do espazo e das vías de tránsito, determinada polos servizos técnicos municipais, atendendo a criterios de conveniencia e funcionalidade, e non por orde de chegada. En ningún caso outorgará dereitos de titularidade permanente.
4. Os participantes poderán traer os soportes que queiran para expoñer os artigos en venta e todo o que consideren para decorar o posto (como, por exemplo, burros e estantes para a exposición de produtos ou carpas para dar sombra), sempre que non superen un espazo de 3 x 3 metros.
5. Os participantes deberán estar toda a xornada ou ceder a responsabilidade a outra persoa que se faga cargo do posto. Sempre terá que haber, polo menos, unha persoa que coide do seu espazo.
6. O mercado rematará con carácter xeral ás 18:00 h, procedendo así a recoller os postos.
7. A organización poderá revogar o dereito á participación se non se cumpre algunha destas normas e/ou se interrompe o normal funcionamento do mercado.

TÍTULO VII. PRODUTOS APTOS PARA A VENDA

Debe tratarse sempre de bens usados, que estean en bo estado e funcionen correctamente, sexan dunha orixe lícita e cumpran coa normativa vixente de fabricación e utilización. A súa venda terá como finalidade a recuperación e reciclaxe, quedando descartadas as finalidades comerciais:

1. Obxectos que se usasen polo menos unha vez.
2. Libros, revistas, material de colección e cómics (nunca copias).
3. Roupa en xeral e produtos téxtiles.
4. Calzado.
5. Complementos.
6. Xoguetes (non bélicos e que garden todos os controis de seguridade).

7. Música e cine (discos, CD, DVD).
8. Artigos informáticos.
9. Artigos fotográficos.
10. Artigos de deporte.
11. Artigos para bebés.
12. Obxectos de decoración: cadros, cerámica ou cristal.
13. Ferramentas.
14. Mobiliario e antigüidades.
15. Material de labranza.
16. Utensilios do fogar non voluminosos.
17. Para obxectos voluminosos (mobles, electrodomésticos grandes, etc.) poderanse colocar fotos co prezo.

TÍTULO VIII. PRODUTOS NON APTOS PARA A VENDA

1. Non se realizará actividade profesional ou comercial durante o mercado.
2. Non está permitida a publicidade nin a propaganda de ningún tipo.
3. Produtos perecedoiros: alimentación e bebidas.
4. Produtos médicos, farmacéuticos e químicos.
5. Obxectos de carácter ou uso sexual.
6. Calquera produto ou obxecto que necesite licenza para poder venderse ou estea protexido por dereitos de propiedade intelectual ou industrial.
7. Calquera produto ou obxecto que supoña un risco de perigo para os visitantes do mercado.
8. Animais vivos ou mortos.
9. Nin armas nin produtos explosivos en ningunha das súas formas.
10. Non se aceptarán restos de tendas e stocks de comercios.

11. Calquera produto ou obxecto cuxa propiedade legal non é do participante ou non ten autorización para a súa venda.
12. Calquera produto ou obxecto que teña a súa orixe na piratería (DVD, CD, películas, vídeos, etc.) ou cuxa propiedade foi obtida por vías ilegais.
13. Produtos cuxa venda, troco ou manipulación requira autorización específica ou especial.
14. O Concello resérvase a potestade de restrinxir ou ampliar a lista de obxectos/productos aceptados ou prohibidos.

TÍTULO IX. PREZO DOS PRODUTOS

1. Os produtos deberán ter un prezo módico ou simbólico, evitando a especulación e malentendidos; poderase fixar mediante acordo entre as partes.
2. Admítese o regateo e o troco.

TÍTULO X. OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DOS POSTOS AUTORIZADOS

1. Durante a execución dos traballos de montaxe e desmonte do posto, deberán respectar o chan, as fachadas, o mobiliario municipal e demais instalacións, estando terminantemente prohibido pintar, cravar ou usar pegamento, alterando así os bens públicos e privados.
2. Tampouco poderá empregarse o mobiliario urbano existente, as árbores, os postes, os farois, os muros, fachadas ou outras instalacións existentes no recinto o mobiliario urbano.
3. Cumprir e facerlles cumprir ás persoas axudantes as presentes normas e cantas disposicións e ordes afecten, tanto referidas ás instalacións como aos produtos que vendan ou intercambien, e acatar as disposicións da organización do mercado.
4. Exercer persoalmente a actividade ou a persoa axudante debidamente acreditado. Non está permitida a contratación laboral de persoal.
5. Tanto os titulares como as persoas axudantes deberán ofrecer unha actitude amable e respectuosa na interacción co público.

6. Manter en bo estado de limpeza e conservación os postos e o espazo usado para o desenvolvemento do mercado.
7. Expoñer os prezos de forma visible.
8. A localización do posto será inamovible.
9. Montaxe e desmonte do seu posto.
10. Velar pola seguridade dos produtos expostos ante roubos e estragos que se puidesen producir no posto.
11. O Concello exímese a sí mesmo de calquera responsabilidade sobre a produción dos feitos anteriores mencionados.
12. Queda terminantemente prohibido en todo o mercado:
 - Vender produtos distintos aos autorizados.
 - Exceder os límites do posto, co fin de non afectar nin entorpecer ós postos veciños e as vías de tránsito público.
 - Alterar a orde pública (en caso de sucesos deste tipo, poderá ser expulsado do recinto e restrinxírselle o acceso ás sucesivas edicións do mercado).
 - Producir ruídos, proferir voces ou gritos, e o uso de altosfalantes.
13. Ao remate do mercado, é obriga dos titulares recoller e deixar limpo o lugar que lles foi asignado, depositando os residuos que xerasen nos contedores preparados para tal fin.

TÍTULO XI. EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADES POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

1. O Concello non é responsable do que poida pasar entre o público e o vendedor. A organización non é interlocutora nin mediadora.
2. O Concello non é responsable do estado do material exposto polos participantes. Se ben, poderá retirar aqueles obxectos que non cumpran cos requisitos previstos neste regulamento.

3. O Concello non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, ou do roubo do material exposto e que teña lugar no recinto do mercado durante as horas nas que se celebre, incluído o tempo de montaxe e desmonte.
4. O Concello non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, que poida producirse por calquera condición atmosférica o día do mercado.

TÍTULO XII. RESPONSABILIDADES DO CONCELLO

1. Velar polo cumprimento das presentes normas.
2. Resolver as incidencias que se produzan no desenvolvemento do mercado.
3. Levar rexistro dos postos ocupados ou non ocupados.
4. A retirada de produtos ou artigos que se consideren ilícitos, que incumpran a lexislación actual de consumo ou sexan prexudiciais para a saúde e o benestar do público adquirente.

TÍTULO XIII. DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Todas as persoas participantes deberán portar o resguardo de adxudicación do espazo e o DNI, por se fose preciso requirirle tal documentación.
2. Todas as persoas participantes polo feito da súa inscrición, aceptan os requisitos, disposicións e condicións recollidas no Regulamento do mercado de Segunda Man de Pontecesures.
3. Toda infracción a calquera das presentes bases poderá motivar a expulsión inmediata do mercado.
4. O Concello resérvase o dereito de determinar a decisión respecto a todos os casos non previstos ou que parezan dubidosos no presente Regulamento.
5. O Concello resérvase a posibilidade de cambios de horarios ou suspensión do evento, se existiren causas que así o recomendasen.
6. Non se permitirá ningún tipo de venda ambulante nin dentro do mercado nin nos arredores.

7. O Concello poderá facer fotografías e vídeos da actividade, que usará para os fins que estime oportunos, sempre de acordo coa lexislación vixente e coa finalidade de publicidade nos diferentes medios de difusión municipais.
8. Os datos facilitados serán tratados conforme ao Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento Europeo (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril do 2016, e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais).

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.